

Boas!

Como sabedes as actividades podedes facelas no caderno, imprimilas ou facelas no ordenador, como mellor vos resulte! Podedes acompañar de debuxos ou fotografías o que consideredes. Podedes mandarme os vosos resultados ao correo mestra.leticiarp@gmail.com . O venres mando as solucións para que corrixades.

Hoxe vamos a falar dos estados da materia. Para repasar isto, que seguro que xa coñecedes, propoñovos o seguinte vídeo.

<https://www.youtube.com/watch?v=fxDKpEYAoSE&t=29s>

Un pequeno resumo:

Os obxectos en **estado sólido** son aqueles nos que non cambia a súa forma debido a que as partículas que o forman, e que non podemos ver, están moi xuntas. Por exemplo unha mesa!

No **estado líquido**, como as partículas están mais separadas, se adapta aos diferentes recipientes. O zume de laranxa podemos poñelo nun vaso, nunha botella, nun xerro ou derramalo pola mesa, e segue sendo zume de laranxa.

Por último, o **estado gasoso** se espalla por todo o espazo, como o osíxeno que respiramos que está por todas partes!

Agora, con axuda de un adulto quero que fagades o seguinte experimento:

1. Collemos dous cubos de xeo do conxelador.
2. O primeiro deixámolo nun prato, a ver que acontece.
3. O segundo metémolo nunha pota ao lume.

Que ocorreu co cubo de xeo da pota?.....

.....

Que ocorre se continúas quentando a auga?.....

.....

.....

Sabes como se chama ese fume que sae da pota?.....

4. Agora que sae ese fume, colócalle a tapa á pota.

Que ocorre na tapa?.....

.....

.....

5. Apaga o lume e deixa que arrefría.

Saberías dicirme agora que debemos facer para volver a converter a auga en xeo?.....

.....

.....

.....

Recordas o cubiño que tiñas no prato, que lle aconteceu?.....

.....

.....

2. Rodea a palabra correcta atendendo ao que observaches no experimento.

O paso de estado sólido a estado líquido na pota chámase fusión. O xeo, fúndese. Para iso necesitamos que o cubiño de xeo se **quente/arrefría**.

Se continuamos **quentando/arrefriando** a auga convértese en vapor de auga nun proceso chamado vaporización.

Cando colocamos a tapa á pota que está evaporando a auga aparecen unhas gotiñas de auga nun proceso chamado condensación. Isto ocorre porque a auga se **quenta/arrefría**.

Por último se queremos converter a auga líquida en cubiños de xeo debemos metela no conxelador para que **quente/arrefría**.